

50 ANOS CONSTRUÍNDO UN MUNDO MELLOR



Dende 1976, acompañamos á infancia e xuventude, dos 8 aos 20 anos, no seu desenvolvemento persoal, ofrecendo unha educación non formal centrada na aprendizaxe a través da acción, na convivencia en pequenos grupos, na transmisión de valores e no acompañamento educativo por parte de persoas adultas, co propósito de dotar ás persoas participantes de ferramentas útiles para desenvolverse de maneira activa e responsable na sociedade.

Que é un scout?

É un membro activo do scoutismo, unha persoa comprometida cos valores de solidariedade, respecto, responsabilidade e servizo.

E, que é o scoutismo?

É un movemento educativo, non formal e de carácter voluntario, dirixido á infancia e á mocidade

PAÑOLETA

As cores da pañoleta representan a Galicia, símbolo da nosa identidade e compromiso ca terra

No ano 2006, o Grupo Scout Ashanti 523 e o Chan 292 uníronse para continuar o seu camiño común. Motivo do triángulo granate na nosa pañoleta.

Cumprimos 50 anos construindo un mundo mellor, entregando o mellor de nós para que cada reunión e cada campamento sexan un reflexo do que é o Chan 292.

Esta exposición representa o que somos: unha homenaxe á nosa historia e un sincero agradecemento a todas as persoas que formaron e forman parte dela.



@gschan292
 (+34) 672 23 93 01

coordinacionchan292@gmail.com
Rúa Boiro, 12, Baixo A, 15705,
Santiago de Compostela